

Resolución do 03 de marzo de 2021, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar resultante do período de actualización convocado por resolución do 23 de setembro de 2020 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2020), pola que se fai pública a relación de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego, e se convoca a realización da proba de galego e outros acordos.

En sesión que tivo lugar o día 02 de marzo de 2021, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen os procesos, entre outros, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a relación de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou aprobar a relación de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.

Segundo.- Facer pública a listaxe de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou facer pública a listaxe de candidato/as que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e que se relacionan como Anexo I adxunto á presente resolución.

Terceiro.- Convocar á realización da proba oral.

De conformidade co disposto nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou convocar ós/ás candidatos/as que se relacionan no Anexo I para a realización da proba oral de galego.



Cuarto.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.

De conformidade co disposto nas bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, a proba de galego no proceso de selección para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar, resultante do período de actualización, realizarase de acordo co disposto a continuación:

DATA:

08 de marzo de 2021.

HORA:

A partires das 16:00 h según se reflicte no Anexo I.

LUGAR:

Centro Empresarial do Polígono do Tambre.

DIRECCIÓN: Vía Edison nº 1, 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

Os chamamentos serán únicos, e a orde de actuación dos/as candidato/as realizarase según o disposto no Anexo I desta resolución.

O tempo máximo para a realización da proba será de 15 minutos.

Serán excluídos/as aqueles/as candidatos/as que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección. Neste suposto, os/as candidatos/as disporán ata o día seguinte da realización da proba para achegar ditos xustificantes. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto. Non obstante, de acordo co disposto no apartado 1.4.1 das bases específicas, non quedarán excluídos/as aqueles candidatos/as que non se presenten a esta proba pero acrediten o coñecemento de galego mediante presentación do correspondente diploma ou certificado no período de presentación de emendas.

A comisión de selección comprobará a identidade dos/as candidatos/as antes do inicio da proba, para o cal os/as candidatos/as deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluídos/as igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ó recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a candidato/a para auxiliarse na realización do



exercicio. Advírtese que non haberá servicio de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección contará cun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, que se limitará a prestar asesoramento na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

Quinto.- Criterios de cualificación dos/as candidatos/as na proba.

A proba de capacidade da lingua galega pretende diagnosticar o grao de competencia dos/as candidatos/as en función da súa competencia lingüística (comprensión auditiva e expresión oral) e comunicativa para desenvolverse no cumprimento do posto de traballo. Búscase que o/a candidato/a poida interactuar en galego, en situacións que se van dar frecuentemente no desenvolvemento do posto de traballo, que poida expresarse e entenderse clara e detalladamente, e que poida comunicar, de forma adecuada, consellos, opinións, desexos e necesidades.


A proba consistirá nunha conversa sobre diferentes temas na que se valorarán exclusivamente as destrezas lingüísticas do individuo, valorándose conxuntamente tanto a comprensión auditiva (se entende o que se lle di) como a expresión oral (como fala) dun xeito global.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apta.

En Santiago de Compostela a 03 de marzo de 2021.

A presidenta da Comisión de selección.

Asdo.- Mª Jesús Cobas Ríos.



ANEXO I

CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO MAR 2021 (Actualización LP 2020) ORDE DE CHAMAMENTO

DNI	CATEGORÍA	Hora
36074420R	LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO MAR	16:00
36144148Q	LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO MAR	16:00
71178510L	LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO MAR	16:00

DATA: 08 de marzo de 2021.

LUGAR: Centro Empresarial do Polígono do Tambre.

DIRECCIÓN: Vía Edison nº 1, 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)